



NOTA INFORMATIVA

Desde o departamento de Medio Ambiente do Concello de Muros queremos informar á veciñanza de que no DOG nº. 21, do día 31 de xaneiro de 2017, aparecen as bases para a concesión de subvencións relativa ao **PLAN RENOVE DE FIESTRAS**, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2017.

BENEFICIARIOS:

Persoas físicas propietarias ou titulares de calquera dereito sobre vivendas de uso residencial e comunidades ou mancomunidades de veciños, sempre que a actuación subvencionable se realice en inmobles sitos na Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTO:

Subvencionar a rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto no referente ao acristalamento como aos marcos ou perfís, co fin de acadar melloras significativas na demanda enerxética do edificio e os conseguintes aforros en termos económicos, así como para a selección de entidades colaboradoras que participan na súa xestión.

CONTÍA:

A contía da axuda ascenderá a un máximo de 100 €/m² de oco, cuns límites de 3.000 € por vivenda unifamiliar/piso ou edificios de vivendas. Para o caso de comunidades de propietarios, a axuda máxima será de 3.000 € por vivenda unifamiliar/piso, co máximo de 50.000 € por edificio. En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do custo total da obra.

PRAZO DE ADHESIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS E DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión de entidades colaboradoras será de 5 días hábiles a partir do día 1 de febreiro de 2017 incluído (código de procedemento IN412A).

O prazo de presentación das solicitudes de axuda comezará o día 1 de marzo e finalizará o 29 de setembro de 2017, agás que se produza o suposto de esgotamento de crédito. Neste caso



CONCELLO DE MUROS

informarase do peche adiantado do prazo de solicitude a través da páxina web da Dirección Xeral de Enerxía e Minas e no Diario Oficial de Galicia (código de procedemento IN412B).

MÁIS INFORMACIÓN

- Consultar o DOG nº. 21, do día 31 de xaneiro de 2017, “Orde do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renove de fiestras, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2017 (códigos do procedemento IN412A e IN412B).”
- Para máis información contactar coa Axencia Local de Sostibilidade, no Concello de Muros, por teléfono (981826050) ou por correo electrónico (sostibilidade@muros.es).